

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 18 de xuño de 2025 pola que se modifica a Resolución do 27 de decembro de 2024, pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva (código de procedemento IG408B).

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 7, do 13 de xaneiro de 2025, publicouse a Resolución do 27 de decembro de 2024 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva.

Na devandita convocatoria habilitáronse sete modalidades de préstamos, dando continuidade ao Programa de apoio ao financiamento empresarial da Xunta de Galicia posto en marcha nos últimos anos:

1. Préstamos para investimentos estratéxicos.
2. Préstamos para a concentración de empresas.
3. Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
4. Préstamos para financiar capital circulante na industria manufactureira, enmarcados nun proceso de reestruturación de débedas, e para as empresas do sector da pesca, acuicultura, así como a transformación e comercialización dos produtos destes sectores.
5. Préstamos para financiar a implantación de empresas galegas no exterior.
6. Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval.
7. Préstamos para financiar a operativa de centros tecnolóxicos, asociacións empresariais, fundacións e entidades que desenvolvan actividades económicas, actividades de I+D ou presten servizos de interese para o tecido empresarial galego.



A imposición de aranceis adicionais por parte dos Estados Unidos de América a determinados produtos orixinarios da Unión Europea ten un impacto negativo directo na competitividade de diversas empresas, especialmente en sectores clave da economía galega con forte vocación exportadora e sectores industriais que importan os aprovisionamentos dese mercado. Estas medidas supuxeron un incremento dos custos co mercado estadounidense, coa conseguinte perda de cota de mercado, redución de ingresos e incluso risco para o mantemento das actividades e do emprego.

Co obxectivo de mitigar os efectos económicos adversos derivados desta situación, resulta oportuno poñer en marcha un mecanismo de apoio que contribúa a compensar os prexuízos sufridos, fortalecer a posición internacional das empresas afectadas e preservar a súa capacidade competitiva. Deste xeito, engádese unha nova liña de préstamos que permitirá financiar circulante a longo prazo e con carencia, dotando as empresas afectadas da marxe temporal necesaria para acceder a mercados alternativos.

Por todo o anterior, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Artigo 1

Modificación da Resolución do 27 de decembro de 2024 pola que se da publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG408B).

Un. Engádese o punto 8 no anexo I Modalidades de préstamos.

«8. Préstamos para financiar circulante de empresas afectadas pola imposición de aranceis por parte dos EE.UU.

A) Obxecto.

Financiamento de capital circulante nas empresas galegas cuxas operacións comerciais se visen afectadas pola imposición de aranceis por parte dos Estados Unidos de América.

Deste xeito, engádese unha nova liña de préstamos a tipo de xuro bonificado, a longo prazo e con carencia, co obxecto de mitigar os efectos económicos adversos derivados

CVE-DOG: zzssi9v1-quz0-hzt2-zh22-h5x2h0jjwb9



desta situación, como mecanismo de apoio que contribúa a compensar os prexuízos sufridos, fortalecer a posición internacional das empresas afectadas e preservar a súa capacidade competitiva, dotando as empresas afectadas da marxe temporal necesaria para acceder a mercados alternativos.

B) Requisitos específicos por parte das beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias as empresas que, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 1 das presentes bases reguladoras, teñan os seus centros de traballo maioritariamente situados en Galicia e que durante o ano 2024 realizen operacións de exportación e/ou importación cos EE.UU. por importe igual ou superior a 100.000 €, ou que as operacións comerciais cos EE.UU. superen o 10 % das vendas.

C) Requisitos específicos da actuación que se vai financiar.

Os conceptos que se van financiar co préstamo será o capital circulante, incluídos os conceptos previstos na letra d), número 1 do artigo 3 das bases reguladoras.

D) Condicións do produto financeiro.

D.1) Importe.

A contía do préstamo que se vai conceder será como máximo o volume de operacións de exportacións e importacións aos EE.UU. no ano 2024, cun máximo de 1.000.000 € e un mínimo de 100.000 €. No caso de que as operacións comerciais cos EE.UU. superen o 10 % das vendas, non se aplicará o límite inferior.

D.2) Prazos de amortización e de carencia.

O prazo de devolución dos préstamos será como máximo de 12 anos, incluíndo como máximo 4 de carencia na amortización de principal.

E) Documentación específica que se deberá presentar coa solicitude.

Ademais da documentación sinalada no artigo 8, deberá presentarse xunto coa solicitude:

– Memoria da actuación, que desenvolverá o seguinte contido:

Antecedentes da empresa e dos seus promotores: historial, principais fitos na evolución da empresa, capacidades básicas (estratéxicas, capacitación da xerencia, organizativas e



de control), capacidade técnica da entidade (recursos humanos, técnicos, materiais, colaboracións, cooperación, certificacións de calidade e ambientais), capacidade tecnolóxica da entidade (recursos humanos, técnicos e económicos, patentes I+D+i), capacidade económica da entidade (análise dos estados financeiros, solvencia dos promotores, política de financiamento e rendibilidade).

Descrición dos aprovisionamentos, do proceso produtivo e do comercial. Orixe dos aprovisionamentos, principais provedores, mercado actual (tamaño, características, competencia, etc.) e potencial. Análise comercial do produto.

Cuantificación das necesidades financeiras para a operativa empresarial. Causas xustificadas da necesidade de financiar a operativa da empresa.

Cadro de persoal, traballadores nos centros de traballo en Galicia, describindo funcións. Expectativas de mantemento de emprego. Relación de expedientes de regulación de emprego en vigor e presentados nos últimos 12 meses, describindo o seu contido e o número de traballadores afectados.

e) Análise económica da actuación (previsións económicas, estrutura do financiamento, rendibilidade e previsións de tesouraría para un horizonte temporal de 5 anos), con descrición das hipóteses que sustentan as ditas previsións (existencia de contratos, pedidos, cartas de intencións, etc.). Necesidades de persoal e de subcontratacións externas. Para empresas en funcionamento, as previsións económicas deberán estar referidas ao conxunto da empresa, mostrando separadamente o impacto da actuación. As previsións económicas deberán seguir, na medida do posible, os modelos de conta de perdas e ganancias, balance e estado de fluxos de efectivo recollidos no Plan xeral de contabilidade en vigor.

– Relación de facturas correspondentes ás exportacións e/ou importacións aos Estados Unidos de América durante o ano 2024, con indicación de cliente, importe e data, achegando as aclaracións oportunas no caso de operacións comerciais indirectas.

F) Criterios específicos de avaliación.

Considérase que todos os proxectos co obxecto descrito no punto A) deste anexo son de interese para Galicia, polo que non se establecen criterios específicos de avaliación, que poidan supoñer a denegación dos préstamos que superen os limiares de cualificación de risco de crédito establecidos no anexo IV.

CVE-DOG: zzssi9v1-quz0-hzt2-zh22-h5x2h0jwbi9



G) Xustificación

Para os efectos do previsto no artigo 19 das bases reguladoras, para a xustificación dos actuacións financiadas mediante esta modalidade de préstamos, cando o importe do préstamo supere os 300.000 €, será preceptiva a presentación do informe de auditor independente establecido no número 6 do referido artigo».

Dous. Engádesse a nova modalidade de préstamo nos datos específicos do procedemento e na documentación que se presenta ou xa presentada con anterioridade no anexo VII.1, que se substitúe polo que se anexa a esta resolución.

Segundo. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2025

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: zzssi9v1-quz0-nzt2-zh22-h5x2h0jjwbi9



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

ANEXO VII.1

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PRÉSTAMOS DIRECTOS PARA O FINANCIAMENTO EMPRESARIAL EN GALICIA	IG408B	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR					
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO			
PODER DE REPRESENTACIÓN			
PODER N°	DATA PODER	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO/A	N° DE PROTOCOLO

Modalidade de préstamo ao amparo da que solicita a axuda (marcar unha única opción das seguintes):	
☐ Préstamos para investimentos estratéxicos.	
☐ Préstamos para a concentración de empresas.	
☐ Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación.	
☐ Préstamos para financiar capital circulante na industria manufactureira, enmarcados nun proceso de reestruturación de débedas, e para a empresas do sector da pesca, acuicultura, así como a transformación e comercialización dos produtos destes sectores.	
☐ Préstamos para financiar a implantación de empresas galegas no exterior.	
☐ Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval.	
☐ Préstamos para financiar a operativa de centros tecnolóxicos, asociacións empresariais, fundacións e entidades que desenvolvan actividades económicas, actividades de I+D ou presten servizos de interese para o tecido empresarial galego.	
☐ Préstamos para financiar circulante de empresas afectadas pola imposición de aranceis por parte dos EE.UU.	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:	
- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.	

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE	
☐ A documentación específica sinalada no anexo I para cada modalidade de préstamo.	
☐ Préstamos para investimentos estratéxicos.	
☐ Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 1 do anexo I das bases reguladoras.	
☐ Préstamos para concentración de empresas.	
☐ Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 2 do anexo I das bases reguladoras.	
☐ Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación.	
☐ Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 3 do anexo I das bases reguladoras.	
☐ Préstamos para financiar circulante na industria manufactureira, enmarcados nun proceso de reestruturación de débedas, e para as empresas do sector da pesca, acuicultura, e transformación e comercialización dos produtos destes sectores.	
☐ Declaración do imposto de sociedades do último exercicio fiscal para o que rematase o período voluntario de presentación.	
☐ Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 4 do anexo I das bases reguladoras.	
☐ Declaracións do IVE presentadas no exercicio corrente.	



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICAANEXO VII.1
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)			
☐ Préstamos para financiar a implantación de empresas galegas no exterior.			
☐ Declaración do imposto de sociedades do último exercicio fiscal para o que rematase o período voluntario de presentación.			
☐ Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 5 do anexo I das bases reguladoras.			
☐ Declaracións de IVE presentadas no exercicio corrente.			
☐ Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval.			
☐ Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 6 do anexo I das bases reguladoras.			
☐ Préstamos para financiar a operativa de centros tecnolóxicos, asociacións empresariais, fundacións e entidades que desenvolvan actividades económicas, actividades de I+D ou presten servizos de interese para o tecido empresarial galego.			
☐ Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 7 do anexo I das bases reguladoras.			
☐ Préstamos para financiar circulante de empresas afectadas pola imposición de aranceis por parte dos EE.UU.			
☐ Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 8 do anexo I das bases reguladoras.			
☐ Relación de facturas correspondentes ás exportacións e/ou importacións a Estados Unidos de América durante o ano 2024, con indicación de cliente, importe e data, achegando as aclaracións oportunas no caso de operacións comerciais indirectas.			
☐ Informe detallado da Central de Información de Riscos do Banco de España (CIR) correspondente ao último período dispoñible, consistente nun arquivo en formato PDF asinado electronicamente que o solicitante deberá obter da Oficina Virtual do Banco de España (actualmente no enderezo da internet https://sedeelectronica.bde.es).			
☐ Persoas xurídicas, de ser o caso:			
☐ Contas anuais, auditadas, se é o caso, correspondente ao último exercicio pechado.			
☐ Balance e conta de resultados recentes, asinados polos administradores.			
☐ Persoas físicas ou comunidades de bens, de ser o caso: copias das declaracións do IVE: resumo anual do exercicio anterior e liquidacións periódicas do exercicio corrente.			
☐ Anteproxecto ou proxecto técnico elaborado para a obtención da correspondente licenza urbanística no caso de proxectos que inclúan gastos de obra civil e cando sexa preceptiva a dita licenza (construción ou reforma de nave, oficinas, locais comerciais, etc.), se é o caso. Exceptúase da necesidade de presentación de anteproxecto ou proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores.			
☐ Relación detallada dos investimentos e/ou gastos que se van realizar, distinguindo entre bens novos e usados.			
☐ Acreditación da dispoñibilidade do inmovible afecto ao proxecto de investimento (copia do contrato de alugamento, concesión, superficie ou adquisición, segundo proceda).			
☐ Acreditación da capacidade de financiamento da parte da actuación non cuberta co préstamo solicitado, se é o caso. Esta acreditación poderá consistir:			
- Nunha certificación bancaria da dispoñibilidade líquida (que terá que indicar expresamente que o saldo dispoñible non está peñado nin suxeito a limitacións de dispoñibilidade) e/ou unha comunicación do financiador indicando importe, prazo, carencia e garantías que se van tomar;			
- Nun compromiso firme do financiamento que van achegar os socios, no que figure a natureza, importe e prazos.			
☐ Complementariamente, o Igate poderá solicitar a achega, con carácter facultativo, daqueloutra documentación xustificativa para os efectos de valoración do risco.			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.
Persoas xurídicas, de ser o caso:			ANO
☐ Escritura/acta de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e as súas modificacións posteriores.			
☐ Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.			

COMPROBACIÓN DE DATOS		OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.		
DNI/NIE da persoa solicitante		☐
DNI/NIE da persoa representante		☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social		☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública		☐
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas		☐
Consulta de concesións pola regra de <i>minimis</i>		☐
Consulta de concesións doutras subvencións e axudas		☐
SENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS		
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente		AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante		☐ Si ☐ Non
NIF da entidade representante		☐ Si ☐ Non
Imposto de actividades económicas (IAE)		☐ Si ☐ Non
Certificado de estar ao día nas obrigacións tributarias coa AEAT		☐ Si ☐ Non
Certificado de renda (IRPF) no caso de persoas físicas ou comunidades de bens		☐ Si ☐ Non



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICAANEXO VII.1
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 18 de xuño de 2025 pola que se modifica a Resolución do 27 de decembro de 2024, pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG408B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>